



Orde do de 2008 pola que se aproban os valores dos terreos e augas das zonas de servizo dos portos adscritos á comunidade autónoma de Galicia, xestionados polo ente público Portos de Galicia.

O Ente Público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, e adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ten por obxecto o proxecto, construción, xestión e explotación dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo 05, con respecto á taxa 02, por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario, establece no número 3 do apartado 2 do referido Anexo, que para a determinación do valor dos terreos e augas do porto, o conselleiro competente en materia de portos aprobará por proposta do ente público Portos de Galicia a correspondente valoración da zona de servizo do porto, conforme ao procedemento determinado no propio número 3.

Para a determinación dos valores dos terreos e augas dos portos xestionados polo ente público, o devandito apartado 3 do citado Anexo 05.2 da lei 6/2003 dispón o seguinte procedemento para a súa aprobación:

- a) Elaboración polo ente público da valoración de terreos e augas do porto.
- b) Información pública durante o prazo non inferior a vinte días, que será anunciada no diario oficial da Comunidade Autónoma.
- c) Remisión do expediente á consellería competente en materia de portos, que solicitará un informe da consellería competente en materia de facenda, o cal deberá ser emitido nun prazo non superior a un mes.
- d) A orde de aprobación da correspondente valoración será publicada no *Diario Oficial de Galicia* (...).

En razón a cumprimentar o referido procedemento, Portos de Galicia elaborou a proposta de valoración de terreos e augas dos portos atribuídos a súa xestión. Como resultado dos traballos efectuados, obtívose una Ponencia de Valores na que se recolle o valor dos espazos portuarios ou zonas nas que se divide cada un dos portos. O referido valor obtense en función dos parámetros legais especificados na lei 6/2003, ao efecto de que tales valores teñan un referente de criterios de mercado.

A Ponencia de Valores elaborada permite, por medio dunha ferramenta informática, a actualización dos valores dos terreos e augas dos portos á que se refire o apartado 3.e) do Anexo 05.2 da citada lei 6/2003, tanto na periodicidade anual, quinquenal e decenal coma na actualización motivada por unha aprobación ou modificación do plan de utilización dos espazos portuarios, ou calquera outra circunstancia que poida afectar á valoración realizada.



Na Memoria da Ponencia de Valores descríbese a metodoloxía dos traballos realizados, o proceso de recollida e análise da información e o estudo de mercado para, mediante a determinación os prezos de referencia dos portos definidos como de primeiro orde e a determinación dos factores correctores do valor de referencia, para poder finalmente obter, para estes portos, o valor dos terreos e da lámina de auga. Inclúese, así mesmo, o proceso de extrapolación dos valores ao resto de portos e o procedemento de actualización dos valores previsto na lei.

Os valores da ponencia, obtidos para os terreos e augas dos portos, recollen os dos portos agrupados segundo o criterio dos portos cabeceira definidos indicándose, para cada porto, o Prezo de Referencia do Contorno Portuario que lle corresponde, as distintas zonas nas que está dividido atendendo ás prescricións da lei, e o valor final dos terreos e da lámina de auga do porto de acordo aos distintos factores correctores aplicados sobre o Prezo de Referencia.

Para o cumprimento da secuencia de trámites anteriormente enumerada, os traballos de valoración dos terreos e augas dos portos foi sometido por parte de Portos de Galicia a información pública mediante o correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, número 36 do martes 21 de febreiro de 2006, durante o prazo de vinte días hábiles, non presentándose no rexistro de Portos de Galicia ningunha reclamación ou alegación ao contido da documentación do estudo.

Respectando o íter procedimental, unha vez rematado o trámite de información pública, a Ponencia de Valores dos terreos e augas das zonas de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia, foi aprobada polo Consello de Administración do ente público Portos de Galicia na súa reunión de data 29 de xullo de 2008, dispóndose a remisión do expediente a esta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Cumprimentando o procedemento de determinación de valor dos portos a efectos da taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario e evacuado informe favorable pola consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia,

DISPOÑO,

PRIMEIRO.- A aprobación da Ponencia de Valores dos portos a efectos de aplicación da taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario que figura no Anexo desta Orde.

SEGUNDO.- Esta Orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.